

## DUATLÓN

### 1. INSCRICIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar formalizarase a través da páxina Web: [www.deportegalego.gal](http://www.deportegalego.gal)

A data de peche de inscrición é o 31 de xaneiro de 2017.

Para as fases provincial e galega, a inscrición para a competición deberá facerse con 10 días de antelación ao inicio da competición.

### 2. PARTICIPANTES

Poderán participar nesta actividade, os centros escolares, as ANPA, agrupacións deportivas, escolas deportivas municipais, clubs deportivos e outras asociacións, nas competicións individuais e por equipos das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete (masculino e feminino).

### 3. CATEGORÍAS

Categoría BENXAMÍN: feminino, masculino, nados nos anos 2008-2007.

Categoría ALEVÍN: feminino, masculino, nados nos anos 2006-2005.

Categoría INFANTIL: feminino, masculino, nados nos anos 2004-2003.

Categoría CADETE: feminino, masculino, nados nos anos 2002-2001.

Os equipos poden estar compostos por un máximo de seis persoas (rapaces ou rapazas), e puntuarán os/as 3 mellores.

*A categoría cadete estará enmarcada no programa de Tecnificación, organizado pola Federación Galega de Triatlón, podendo participar deportistas con licenza federativa nados no ano 2000.*

### 4. DISTANCIAS A PERCORRER

CATEGORÍAS	Carreira	Bicicleta	Carreira
Benxamín	500 m.	2.000 m. bicicleta	250 m.
Alevín	1.000 m.	4.000 m. bicicleta	500 m.
Infantil	1.500 m.	6.000 m. bicicleta	750 m.
Cadete	2.000 m.	8.000 m. bicicleta	1.000 m.

### 5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

#### Fase zonal

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Realizaranse un máximo de 2 xornadas por provincia, ás que se poden anotar todos os deportistas e entidades que o desexen e que cumpran os requisitos de inscrición.

Serán dúas probas clasificatorias, nas que clasificarán para a final provincial os/as 25 primeiros/as nas probas clasificatorias individuais. Non haberá clasificación por equipos.

## Campionato provincial

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Participarán os/as clasificados/as individuais nas fases previas e, de ter o número necesario de deportistas clasificados, poderán formar equipos para entrar na clasificación por equipos.

Clasificarán para a final galega os/as 8 primeiros/as individuais e os 2 mellores equipos por categoría e sexo de cada provincia.

No caso de que a participación no Campionato Provincial sexa inferior a 8, as prazas non cubertas para o Campionato Galego repartiranse proporcionalmente nas provincias de máis participación.

Non haberá invitacións.

## Campionato Galego

O Campionato Galego será organizado pola Federación Galega de triatlón. Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete

Participarán os/as 8 primeiros/as clasificados/as e os 2 mellores equipos por categoría e sexo de cada provincia.

## 6. REGRAS DE COMPETICIÓN

Esta modalidade combina a bicicleta coa carreira a pé.

### Ciclismo

Obrigatorio o uso correcto do casco e non se poderá utilizar no sector da carreira a pé.

## 7. DATAS

Campionato de España de Triatlón: sede e datas por determinar.

## 8. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno, que se pode consultar na páxina web da federación:

[www.fegatri.org](http://www.fegatri.org)

É recomendable consultar a normativa específica de cada proba.

Así mesmo, na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: [deporte.xunta.gal](http://deporte.xunta.gal), e na do Programa Xogade: [xogade.xunta.gal](http://xogade.xunta.gal).